



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (**BNG**), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas** dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito en relación con las actuaciones de intimidación y coacción iniciadas por la Demarcación de Carreteras de Galicia tras la utilización de dos vallas publicitarias por parte del BNG para denunciar el mal estado de la N-540.

El BNG inició a principios de abril una nueva campaña para denunciar el mal estado de la carretera N-540 y exigir su reparación inmediata. En el marco de dicha campaña, se hizo uso de dos vallas arrendadas a la empresa de publicidad para difundir el mensaje. Una de ellas se sitúa tras el desvío a la N-540 desde la salida de Chantada, cerca del cementerio municipal de la localidad, y la otra está cerca de la entrada a Lugo desde Ourense.

Esta actuación da continuidad a otras acciones de protesta para exigir la reparación urgente de esta carretera que no puede esperar dos años más, hasta 2027, según ha manifestado el Gobierno, para su rehabilitación.

Sorprende que pocas semanas después de inaugurarse la campaña, la Demarcación de Carreteras de Galicia, dependiente del Ministerio de Transportes, el mismo organismo encargado de agilizar las obras, enviara una comunicación previa al inicio de un expediente sancionador acusando al BNG de colocar físicamente las vallas o soportes sin contar con los permisos ni autorizaciones necesarios.

Las vallas son soportes publicitarios que se instalan desde hace años y son gestionados por empresas de publicidad, y muestran mensajes políticos, en especial durante las campañas electorales, así como publicidad de productos en venta o servicios. Pero ahora, con la aparición de un mensaje que resulta «incómodo», se considera que se han instalado de forma ilegal.

Si la demarcación de carreteras considera que las vallas instaladas por las empresas de publicidad no cumplen la normativa vigente, tiene todo el derecho a dirigirse a ellas y exigir su retirada y restitución a su estado anterior. Pero no lo han hecho durante años, con numerosas campañas y distintos anunciantes, dando apariencia de legalidad y normalidad.

C.DIP 69663 26/05/2025 10:26





Es evidente, por tanto, que se trata de una actuación con intención intimidatoria por parte de la Administración del Estado ante un mensaje que les resulta incómodo, tratando de conseguir que se retire la campaña amenazando con sanciones.

El BNG considera absolutamente inaceptable que los medios y procedimientos de la administración se utilicen de forma espuria para la persecución política, exige rectificación por parte del Ministerio y de la Demarcación de Carreteras de Galicia y manifiesta su firme voluntad de seguir defendiendo los intereses de los gallegos y gallegas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:

- 1. ¿Cuántos años llevan instaladas las vallas de la N-540 que ahora dicen que no cuentan con las autorizaciones pertinentes del Ministerio? ¿Han llevado a cabo alguna medida durante este tiempo para restaurar las cosas a su estado anterior? ¿Dieron orden a la empresa de publicidad y/o al propietario para su retirada?
- 2. ¿Por qué la Demarcación de Carreteras ha decidido en este preciso momento dirigirse al ente anunciante como si fuera el responsable de la instalación de unas infraestructuras que llevan años situadas junto a la carretera, en funcionamiento y que han sido utilizadas por distintas empresas e incluso en campañas electorales?
- 3. ¿Está de acuerdo el Ministerio en que se trata de una actuación que pretende intimidar al BNG por realizar una campaña exigiendo la reparación urgente y rápida de la N-540, que se encuentra en un estado de absoluto deterioro, y de esta forma lograr la retirada de la campaña y que no se visibilice más el problema?
- 4. ¿La Demarcación de Carreteras regularizará la situación y anulará el expediente sancionador por no existir infracción administrativa?
- 5. ¿El Ministerio investigará cómo se iniciaron las actuaciones preliminares para la apertura de un caso sin causa justificada y aclarará las responsabilidades pertinentes?
- 6. ¿Adoptarán las medidas necesarias para la reparación integral de la N-540 con la mayor brevedad y en el menor tiempo posible?

Madrid, a 24 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS SECRETARÍA GENERAL **REGISTRO GENERAL** 24 MAY. 2025 16:47:24

Sobre o intento de sanción pola campaña do BNG para denunciar o mal estado da N-540

Competencia Tipo Expediente Otros Expedientes 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas as accións de intimidación e coacción iniciadas pola Demarcación de Estradas na Galiza despois do uso de dous valados publicitarios polo BNG para denunciar o mal estado da N-540.

O BNG iniciou a comezos de abril unha nova campaña para denunciar o mal estado da estrada N-540 e esixir o seu arranxo inmediato. Dentro desta campaña utilizaron para a difusión da mensaxe dous valados a través do aluguer da empresa publicitaria. Un deles situado após do desvío cara a N-540 desde a saída de Chantada próxima ao cemiterio municipal da vila e o outro preto da entrada a Lugo desde Ourense.

Esta actuación é a continuación doutras accións de protesta para reclamar a reparación urxente desta estrada que non pode seguir agardando dous anos máis, até 2027, como formulou o Goberno, pola súa rehabilitación.

Sorprende que unhas semanas despois de que se inaugurara a campaña a Demarcación de Estradas na Galiza dependente do Ministerio de Transportes, o mesmo organismo responsábel da axilización das obras, remitise unha comunicación previo ao inicio dun expediente sancionador acusando ao BNG da colocación física dos valados ou soportes sen contar cos necesarios permisos ou autorizacións.

Os valados son soportes publicitarios que levan anos instalados e que son xestionados por empresas de publicidade, albergando desde mensaxes políticas,





especialmente nas campañas electorais, até publicidade de produtos de compra-venda ou servizos. Mais é agora, cando se instala unha mensaxe que resulta "incómoda" que se considera que están instalados ilegalmente.

Se a demarcación de estrada considera que os valados instalados polas empresas de publicidade non cumpren coa normativa vixente, teñen todo o dereito a dirixirse a estas e reclamar a súa retirada e a reposición ao estado anterior. Mais non o fixeron durante anos e numerosas campañas e distintos anunciantes, dando aparencia de legalidade e normalidade.

Resulta evidente, pois que se trata dunha acción con intención intimidatoria por parte da Administración do Estado ante unha mensaxe que lles resulta incómoda, intentando lograr pola vía da ameaza de sanción a retirada da campaña.

O BNG considera absolutamente inaceptábel que se utilicen de forma espuria os medios e procedementos da administración para unha persecución política, reclama a rectificación por parte do Ministerio e Demarcación de Estradas de Galiza e manifesta a súa firme vontade de seguir a defender os intereses dos galegos e galegas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

- 1. Cantos anos levan instalados os valados da N-540 que din agora que non contan coas debidas autorizacións por parte do Ministerio? Realizaron durante este tempo algunha actuación para repoñer as cousas ao se estado anterior? Deron orde á empresa de publicidade e ou propietario para a súa retirada?
- 2. Por que decidiu neste preciso momento a Demarcación de Estradas dirixirse a entidade anunciadora como se fose a responsábel da instalación dunhas infraestruturas que levan anos situadas á beira da



estrada, en funcionamento e que foron utilizadas por diferentes compañías e mesmo en campañas electorais?

- 3. Comparte o Ministerio que se trata dunha acción que pretende intimidar ao BNG por realizar unha campaña en que reclama a reparación urxente e áxil da N-540, nun estado absoluto de degradación, e lograr por esta vía a retirada da campaña e que non se siga a visibilizar o problema?
- 4. Rectificará a Demarcación de Estradas e anulará o expediente sancionador por inexistencia de infracción administrativa algunha?
- 5. Investigará o Ministerio como se procedeu ao inicio de actuacións previas para a apertura de expediente sen causa xustificativa e depurará as responsabilidades pertinentes?
- 6. Adoptará as medidas necesarias para a reparación integral á maior brevidade e no prazo máis áxil posíbel da N-540?

Madrid, a 24 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso